

1.- **Begoña** (7-04-08)

Grupo: **Neil Young**

Álbum: **Harvest**

Canción: **Harat of Gold**

Media das notas outorgadas á canción: **5,8**



-**Fernando**: típica canción de folk-rock americana, gustoume bastante pola presenza de instrumentos como a harmónica

-**Andrea Sant.**: a canción vén acompañada por un vídeo no que sae o cantante, pódese ver un home entrado en anos que canta country mesturado con folk.

-**María Rod.**: é unha canción lenta pero harmoniosa, non é dos seus grandes éxitos pero non está mal para escoitar mentres un estuda ou le.

-**Antía**: agrádame a melodía con ese estilo un tanto antigo que a min polo menos me recorda a música das películas de vaqueiros.

-**Jaime**: a canción é moi boa, para min este é un verdadeiro tema musical, onde estea o rock o folk que se quiten os demais xéneros

-**Margarita**: a canción era fermosa, a verdade, ten un ritmo lento pero pegadizo, a letra entendíase moi ben aínda que era en inglés.

-**Andrea Br.**: este grupo non o coñecía, é un grupo de Canadá con estilos de rock, folk, etc.

-**Juan B.**: o cantante é un veterano e aínda que a súa música non me guste merece nota pola súa carreira musical.

2.- **Pablo** (14-04-08)

Grupo: **Simple Plan**

Álbum: **Simple Plan**

Canción: **When I'm Gone**

Media das notas outorgadas á canción: **7**



-**Miriam**: Esta canción encántame, gústame desde a primeira vez que a escoitei, é máis pegadiza e nunca te cansas de escoitala

-**Juan Carlos**: a canción gústame, o grupo gústame moito, aínda que as ten mellores, esta está bastante ben. O mellor é o estribillo.

-**Iria**: gustoume bastante este grupo e escóitoo a miúdo, esta canción non a coñecía e gustoume bastante

-**Antía**: o que máis me gusta da canción é o ritmo, rápido, orixinal e pegadizo, pero que non chocha en absoluto coa melodía, a cal tamén é moi boa.

-**Margarita**: a canción gustoume bastante, pareceume moi diferente ás do resto do grupo que teñen todas o mesmo ritmo.

-**Mauro**: é una boa canción, ten unha boa base instrumental, cuns tons electrónicos que a favorecen moito, o cantante é bastante bo.

-**Andrea Br.**: xa coñecía esta canción de escoitala nos 40TV, na MTV, etc.

-**Borja**: este é un grupo bo que se deu a coñecer hai pouco tempo e esta unha das cancións máis descargadas por iso se me fixo aburrída.

3.- **Andrea** Boullosa (21-04-08)

Grupo: **Marea**

Álbum: **28000 puñaladas**

Canción: **Que se joda el viento**

Media das notas outorgadas á canción: **5,1**



-**Elsa**: Esta canción gustoume bastante, xa a coñecía de antes. Marea é un grupo bastante coñecido e a súa música ten un estilo parecido a outros de rock español como Extremoduro

-**Andrea Sant.**: ao final da canción hai un só de guitarra que lle queda de marabilla ao ritmo e á canción, xa que lle quita un pouco o aire a xitano que desprende a voz do cantante.

-**María Rod.**: canción de rock cun ritmo forte, ao escoitala fai levantar o ánimo, é das mellores e máis coñecidas deste grupo

-**Noemi**: ao principio non me gustou nada porque me parecía un pouco lenta, pero a medida que a escoitaba gustábame un pouco máis, ata o final que acabou por gustarme.

-**María Mont.**: aínda lembro a Marea no autobús de volta de Italia, canción posta nos altosfalantes pola propia Andrea.

-**Mauro**: ten un bo fondo musical e rítmico, ten unha boa letra, así que en xeral é unha boa canción

-**Andrea Br.**: é un grupo que me gusta, pero non é do que máis escoito, non é dos meus favoritos, esta canción é bonita

-**Begoña**: este grupo o coñecía pouco, e polo pouco que escoitei gustoume bastante e a canción escollida tamén estivo ben.

4.- **Andrea** Brión (28-04-08)

Grupo: **La casa azul**

Álbum: **El sonido efervescente**

Canción: **Viva el amor**

Media das notas outorgadas á canción: **6,07**



-**Freddy**: Rodk americano moi comercial, nada do outro mundo.

-**Leyre**: a canción xa a escoitara un par de veces, non sabía quen a cantaba e paréceme boa, gustoume moito.

-**Elsa**: Nunca me parara a escoitar nada deste grupo e a verdade é que esta canción me gustou moito, ten un estilo que me gusta bastante e a canción é moi pegadiza e entretida.

-**Julia**: este grupo sueco ten unhas cancións moi boas e esta é unha das máis destacadas do grupo, ten moito ritmo e unha letra moi interesante.

-**Noemí**: eu son unha das seguidoras número un deste grupo porque me parece un grupo xenial, cunhas cancións boísimas e que paga a pena escoitalas

-**Miguel**: gústame o ritmo, aínda que o que mías me gusta é a voz do cantante.

-**Pablo**: non coñecía o grupo sen embargo gustoume, a música tiña un ritmo bastante monótono e dicía sempre o mesmo.

-**Juan B.**: bo grupo, aínda que non oíra falar del non me defrauda nada.

-**Santi**: non escoitara o grupo antes pero gústame o estilo de musica que ten a canción e todo en xeral

5.- **Mauro** (30-04-08)

Grupo: **Green Day**

Álbum: **Bullet in a Bible**

Canción: **Holiday**

Media das notas outorgadas á canción: **7,4**



-**Fernando**: un dos meus grupos preferidos e unha das cancións que máis me gustan. Encántame esta versión en directo que fixeron de Holiday.

-**Miriam**: esta é unha canción que me encanta, é moi coñecida, ten un estribillo moi movido e pegadizo e os momentos en que só soa a guitarra son os mellores.

-**Iria**: este grupo é moi coñecido e moi querido, ten moitísimos seguidores, eu tamén son unha seguidora deste grupo.

-**María Rod.**: é unha canción antigüerra, que critica a Bush e os medios de comunicación que tratan de lavarlle o cerebro ás masas para que apoiem a guerra.

-**Jaime**: é un grupo que conta con boas cancións e con colaboracións de luxo como a banda irlandesa U2.

-**Miguel**: esta canción gústame moito, o que máis me gusta son a batería e o baixo, sempre a cen.

- **Andrea Bou.**: o grupo grupazo e a canción temazo! Encántanme todas as cancións deles.

-**Begoña**: pois dicir que estes mozos son un dos meus grupos favoritos e non faltan sempre que escoito música.

6.- **Jaime** (05-05-08)

Grupo: **Bob Dylan**

Álbum: **Befote the flood**

Canción: **Knockin' on Heaven's Door**

Media das notas outorgadas á canción: **8,4**



-**Fernando**: a canción gustoume moito. Xa a coñecía porque se usou de BSO nalgúns series de éxito.

-**Andrea Sant.**: a canción gústame moito e o cantante tamén, faime lembrar o verán xa que o escoitaba bastante, ademais a voz do cantante envolve o ambiente.

-**Iria**: Bob Dylan é un artista coñecidísimo no mundo e esta canción gústame moito e todo o mundo pode cantala.

-**Antía**: esta canción encántame, a melodía é preciosa, cun ritmo lento pero en ningún caso monótono e a letra tamén é moi fermosa e expresiva aínda que se repita demasiado.

-**Noemí**: paréceme un dos máis grandes e mellores cantantes de todos os tempos, esta canción encántame, a música é perfecta e a letra fermosísima.

-**Mauro**: é unha canción boísima e moi mítica, é lenta (cousa que a min non me gusta) pero aínda así non aburre e incita a escoitala.

-**Carlos**: boísima canción do mestre Bob Dylan na que deixa a descuberto todo o seu potencial como cantante.

-**Alejandra**: este grupo é coñecido desde hai tempo, gústame moito pero esta canción non me chama a atención.

7.- Noemí (07-05-08)

Grupo: **One Republic feat Timbaland**

Álbum: **Dreaming out loud**

Canción: **Apologize**

Media das notas outorgadas á canción: **7,5**



-**Miriam**: a canción realmente catívame, xa desde a primeira vez que a escoitei quedei prendada dela, a voz da cantante é suave e melódica; o que verdadeiramente me atrae é o son do piano, tan harmonioso e relaxante.

-**Freddy**: boa, moi boa, boa elección polo tanto, Timbaland púxolle o seu toque e aínda que a cambiou un pouco quedou fantástica.

-**Julia**: vai ser unha das cancións máis escoitadas neste verán, neste momento non hai quen se libre de escoitala como mínimo tres veces ao día.

-**Macarena**: a canción cativa a todo o que a escoita co seu ritmo lento e triste que no estribillo torna nun ton case de verdadeira desculpa.

-**María Mont.**: esta canción escoiteina mil e unha veces, hai bastante tempo por primeira vez.

-**Carlos**: boa canción. A voz do cantante ten un bonito timbre e está ben acompañada pola música.

-**Pablo**: a canción gústame e ten un ritmo bo, o cantante ten a voz típica para facer esta canción, coa que ás veces dá gritos.

-**Borja**: esta cantante ten unha das mellores voces do mundo, impresionante e así llo recoñecen todos os premios que lle dan, tamén é coñecida pola súa adición ás drogas.

8.- Miriam (12-05-08)

Grupo: **Amy Winehouse**

Álbum: **Back to Black**

Canción: **Tears dry on their own**

Media das notas outorgadas á canción: **7,7**



-**Freddy**: boa, tremenda a vosaza desta moza, tenas mellores, pero esta non está mal.

-**Leyre**: gústame o estilo de música desta cantante, canta moi ben, ten unha voz fabulosa, a canción foi número un en moitos países.

-**Elsa**: ten unha voz increíble que fai que ese estilo tan peculiar que ten a súa música nos guste a todos.

-**Macarena**: sen dúbida para min Amy está moi preto das grandes voces do soul como demostra nesta e no resto das cancións.

-**María Mont.**: Amy pertence a ese grupo de famosos acabados pola fama, e hoxe tanto están de moda; con todo hai que recoñecer que é unha boa cantante.

-**Miguel**: gustoume a canción aínda que hai outras mellores do grupo, a voz da cantante é espectacular.

-**Martín**: é unha cantante estupenda, ten un ton de voz impresionante e unhas letras pegadizas.

9. **Freddy** (19-05-08)

Grupo: **Queen**

Álbum: **The works**

Canción: **I want to break free**

Media das notas outorgadas á canción: **8,9**



-**Juan Carlos**: a canción gústame bastante, é moi boa, coma o grupo, pódese clasificar como un dos mellores grupos da historia.

-**Andrea Sant.**: só coñecía unha canción do grupo e sinceramente non me desagradaba esta, moi boa elección.

-**Julia**: o que máis me gusta desta canción é o vídeo clip. É un grupo moi, moi grande, non sabería dicir cal das súas cancións é a mellor.

-**Macarena**: a canción é un canto á liberdade das persoas, á liberdade de pensamento, condición, actuación... A guitarra ten unha gran forza.

-**Margarita**: esta canción ao escoitala recórdame os Sábados pola noite porque é a canción coa que pecha certa discoteca a sesión de tarde e sempre a bailamos as amigas.

-**Carlos**: é un auténtico temazo, encántame escoitar esta canción debido ao gran poderío que mostra o cantante.

-**Andrea Bou.**: a canción é moi bonita e gústame moitísimo, igual que a de Bob Dylan de Jaime aínda que son vellísimas

-**Juan B.**: pedazo de grupo que se une aos clasicazos. Unha pena que morrera o cantante, xa que era a alma do grupo.

**GAÑADOR DA TERCEIRA XEIRA DE MÚSICAS DO MUNDO 2008:**

**Freddy**

Grupo: **Queen**

Álbum: **The works**

Canción: **I want to break free**

Media das notas outorgadas á canción: **8,9**

**Premio honorífico ao último clasificado:**

**Andrea Bouldosa**

Grupo: **Marea**

Álbum: **28000 puñaladas**

Canción: **Que se joda el viento**

Media das notas outorgadas á canción: **5,1**

## FINALÍSIMA DOS TRES GAÑADORES

27-05-08: **Macarena**; puntuación: 7,07

29-05-08: **Maria M.**; puntuación: 7,5

04-06-08: **Freddy**; puntuación: **8,02**

### **Gañador de músicas do Mundo 2007-2008:**

**Freddy**

**Grupo: Queen**

**Álbum: The works**

**Canción: I want to break free**

IES SÁNCHEZ CANTÓN DE PONTEVEDRA



4º ESO B 2007-2008

Concurso de MÚSICAS DO MUNDO

TÍTULO DE GAÑADOR